



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Mediante escrito do 04 de decembro de 2019, Moisés Canle López, presidente da comisión de selección designada para resolver o concurso de méritos convocado por Resolución do 26 de setembro de 2019 para a provisión da praza 19/1312 de profesor axudante doutor, comunica a imposibilidade de formar parte da mesma do secretario, Andrés Martínez Lage, por atoparse de licenza para a realización dunha estadía.

Consideracións legais e técnicas

1. Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo consello de goberno do 30 de abril de 2014) establecen o procedemento para substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

2. No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución do secretario.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, resolve aceptar a solicitude formulada e dispón a substitución de Andrés Martínez Lage por Concepción Herrero López, que é a profesora do departamento de maior categoría e antigüidade, de acordo co establecido no apartado 6.5 da antedita Normativa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o/a interesado/a poderá interpoñer, alternativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou, directamente un recurso ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, de conformidade cos artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición contencioso administrativa.

A Coruña, 04 de decembro de 2019

Por delegación do reitor (R.R. 12/01/2016)
O vicerrector de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
gb8x4cjyscox7ijaiSfIvg==	Asinado	04/12/2019 12:24:09
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	
Observacións	Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gb8x4cjyscox7ijaiSfIvg==	

